

Lingua e Administración



¡PONTEAREAS, SEÑOR ALCALDE!

Recentemente o Sr. Alcalde de Ponteareas facía unhas declaracións á prensa anunciando que devolvería toda a correspondencia dirixida á administración municipal na que se consiguera correctamente o nome do Concello. Cos votos do grupo político que apoia ó Sr. Castro rexeitouse unha moción da oposición solicitando a oficialización do topónimo.

O acordo da Corporación Municipal non modifica en nada o que no seu día dictaminou a Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia. En todo caso habería que pensar que a actitude do Alcalde e do grupo municipal que o apoia quere obviar unha realidade xurídica: o art. 10.1. da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia: "Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega". Pero aínda vai máis alá cando no parágrafo 2º deste mesmo artigo se establece que "Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboacións, das vías de comunicación interurbana e dos topónimos de Galicia".


Trátase dunha competencia, pois, da Xunta de Galicia e non dos Concellos, (O Sr. Castro puido no seu día recorri-la Lei de Normalización Lingüística), competencia que lle foi traspasada á Xunta de Galicia baixo a vixencia do Réxime Preautonómico, mediante Real Decreto 1014/79, do 13 de febreiro.

O Decreto 146/1984, do 27 de setembro (D.O.G. nº 192, do 5 de outubro de 1984) fixa definitivamente o nome do Concello como PONTEAREAS.

Quede, pois, claro que as Corporacións Locais non teñen competencias para fixaren o nome do Concello. A autonomía municipal ten as limitacións propias que lles impoñen as leis.

Por outra banda, a ameaza do Sr. Castro Alvarez de dar ordes escritas ós funcionarios municipais para que se proceda á devolución de todo escrito dirixido ó Concello no que figure o nome de PONTEAREAS pode ser constitutivo dun delito de prevaricación tipificado no art. 358 do Código Penal.

Anque o tema da toponimia xa foi tratada nalgunha ocasión neste boletín e mesmo no núm. 2 da REVISTA DE ADMINISTRACION GALEGA, publicamos neste número o artigo "TRATAMENTO DA TOPONIMIA NO ORDENAMENTO XURÍDICO"; para maior información.



SUMARIO

	Páx.
¡Ponteareas, señor Alcalde!	1
O MARCO XURÍDICO. O texto "actualizado" do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o réxime de oficialidade lingüística na administración local	2
Rexistro Civil e D.N.I. Galeguización de nomes e apelidos.	3
O tratamento da toponimia no ordenamento xurídico (addenda)	4
Nomes oficiais dos concellos galegos ...	6
A oferta de emprego público	7
O "caso Catoira" e outros "casos"	9
LINGUAXE ADMINISTRATIVA	9
DOCUMENTOS XUDICIAIS	9
CUESTIÓNS DE GRAMÁTICA. Algunhas familias léxicas irregulares	13
A comparación (I)	14
Alguns aspectos da conxugación verbal (II)	14
Se non, senón.	14
Porqué, por que, porque	15
NOVAS. II Xornadas sobre o establecemento da linguaxe administrativa	15
ÚLTIMA PÁXINA. Os novos estatutos das Caixas de Aforros e o galego no eido financeiro	16

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carlos Díaz Abraira
Xermán García Cancela
Xosé González Martínez
María Xesús Miramontes Castro
Mercedes Penoucos Castiñeiras
Xosé Torres Romar

DESEÑO:
M. Janeiro
F. Mantecón

IMPRESOR:
Artes Gráficas Galicia, S.A.
Rúa Segovia, 15 - VIGO
Depósito Legal: VG-186-1985

EDITA: "ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA".

(Este número está subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia).

o marco xurídico

O TEXTO "ACTUALIZADO" DO REGULAMENTO DE ORGANIZACION, FUNCIONAMENTO E REXIME XURÍDICO DAS ENTIDADES LOCAIS E O REXIME DE OFICIALIDADE LINGÜÍSTICA NA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

A disposición final da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de rexime local, contén no seu segundo parágrafo un mandato dirixido ó Goberno para que no prazo de un ano actualice e acomode ó disposto na mesma os regulamentos dictados en desenvolvemento da anterior Lei de Rexime Local.

Un destes regulamentos é o de organización, funcionamento e rexime xurídico das entidades locais, que foi aprobado por Decreto do 17 de maio de 1952.

O texto actualizado deste regulamento acaba de ser aprobado polo Consello de Ministros a proposta do Ministerio para as Administracións Públicas o 28 de novembro de 1986 como Real Decreto 2568/1986, publicouse no B.O.E. do 22 de decembro e segundo a súa disposición derradeira entrou en vigor o día 23 de decembro de 1986.

Nin o Regulamento de organización de 1952 nin a Lei reguladora das bases de rexime local se ocupan de cuestións lingüísticas máis que nalgunha cuestión de detalle relacionada coa toponimia.

Sen embargo, no texto aprobado polo devandito R.D. 2568/1986 aparecen como novidade tres artigos que se refiren á cuestión lingüística, e fano co teor seguinte:

Art. 86:

1º.- As convocatorias das sesións, as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo e dictames das Comisións informativas redactaranse en todo caso, en lingua castelá.

Redactaranse, así mesmo, na lingua oficial da Comunidade Autónoma á que pertenza a Corporación cando así o esixa a lexislación da Comunidade Autónoma ou o acordo da Corporación.

2.- Nos debates poderán utilizarse, indistintamente, a lingua castelá ou a cooficial da Comunidade Autónoma respectiva.

Art. 110:

1.- Será aplicable á redacción das actas o disposto no artigo 86.1 en canto á utilización das linguas.

2.- Se o secretario non coñecese a lingua cooficial na Comunidade Autónoma á que pertenza a entidade local a redacción do texto da acta na lingua cooficial será realizada por unha persoa idónea designada pola Corporación, quen asinará a traducción.

3.- A acta, unha vez aprobada polo Pleno, transcribírase no libro de actas coas sinaturas do alcalde ou presidente e do secretario.

Art. 201:

As actas e resolucións redactadas en versión bilingüe transcribíranse nos libros correspondentes mediante o sistema de dobre columna, unha para cada lingua, a fin de facilita-lo seu cotexo e uso".

A ninguén se lle escapa a importancia destas normas e as súas consecuencias para un proceso normalizador tan feble coma o galego. Desde que as coñecemos estamos a promover-la súa rectificación mediante a crítica e o debate, ó que temos dereito nunha sociedade democrática, polas seguintes razóns:

1) Estes preceptos regulamentarios atentan contra a plena oficialidade da lingua galega establecida na Constitución (art. 3), no Estatuto de Autonomía para Galicia (art. 5) e na Lei de Normalización Lingüística, ó lle negar plena validez ás actuacións administrativas realizadas en lingua galega.

Para nós, xuridicamente, a oficialidade da lingua galega só está sometida a dous límites: o territorial propio da Comunidade Autónoma de Galicia e o derivado dos dereitos das cidadáns, que teñen dereito a seren atendidos na lingua que eles elixan e a obteren copia de calquera acordo ou documento na lingua oficial da súa escolla. É dicir, como criterio xeral os escritos e documentos que se dirixan fóra da Comunidade Autónoma deben ir redactados en castelán e todo cidadán ten que ser atendido na lingua oficial da súa escolla e ten dereito a solicitar no idioma oficial da súa elección calquera documento que solicite ou reciba.

Máis alá destes límites (como sucede nos artigos que analizamos) as restriccións son innecesarias, inxustificadas e carentes de apoiatura legal, e é sabido que as normas regulamentarias están suxeitas ó principio de legalidade e á xerarquía normativa, sen que poida admitirse logo da promulgación da Constitución unha potestade regulamentadora independente dunha legalidade a desenvolver.

2) Estes preceptos regulamentarios introducen unha quebra arbitraria e diglósica no rexime de oficialidade lingüística ó estableceren distintos tratamentos para as actuacións orais (art. 86.2) e escritas (art. 86.1; 110 e 201), rexendo no primeiro caso o principio de liberdade ou autonomía de opción entre as dúas linguas oficiais e no segundo o principio de obrigatoriedade do castelán e voluntariedade suplementaria do galego.

Como queira que a Administración pública é un ámbito onde se dá unha absoluta primacía da escrita, o establecemento da obrigatoriedade do uso do castelán para todos ou os máis dos escritos e da voluntariedade do galego equivale na práctica a baleirar de contido a plena oficialidade do galego, que pode quedar así reducido no seu uso oficial a un artificio ou engadido innecesario, e á carencia de validez plena en por si.

Particularmente carente de toda base lóxica e legal, é contrario ó pluralismo político e á liberdade persoal obrigar a redactar en castelán toda moción, voto particular ou proposta de calquera grupo político ou concellal. Trátase dunha restricción innecesaria, desprovista de fundamento e provocadora de conflitos absurdos.

3) Entendemos que o texto destes tres artigos contradi ó disposto no artigo 6.2. da Lei 3/1983, de Normalización Lingüística, que establece que "as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada", norma de maior rango e dictada pola institución representativa do pobo galego no exercicio das

competencias propias da Comunidade Autónoma.

Estimamos que a regulamentación introducida por estes tres preceptos é abertamente contradictoria coa doutrina fixada polo que, segundo a súa lei reguladora, é "o intérprete supremo da Constitución", isto é, polo Tribunal Constitucional, que nos fundamentos xurídicos terceiro e noveno, parágrafo segundo, da súa Sentencia dictada no recurso de inconstitucionalidade número 169/983, establece nidiamente os criterios de posible utilización polos poderes públicos dunha soa das linguas cooficiais, sempre que non se lesionen os dereitos dos interesados, e que é inherente á cooficialidade a utilización polos poderes públicos dunha ou outra lingua coa mesma validez xurídica, como o é facer en uso conxunto, indistinto ou prioritario dunha delas, cos únicos límites que expuxemos.

Os preceptos regulamentarios repetidamente aludidos restrinxen innecesaria e inxustificadamente a autonomía municipal neste punto, á luz da capacidade de opción recoñecida polo Tribunal Constitucional.

4) Coidamos que, de haber algunha lingua oficial en Galicia necesitada de potenciación institucional pola súa proscrición histórica, por non ter asegurada a súa supervivencia e uso normal, é precisamente a galega. Abonda con facer unha pequena estadística do uso do galego nos Concellos para comprobar que non pasan de cinco (sobre 312) os que están a redactar en galego as súas actas, convocatorias, etc. E precisamente é nestes poucos Concellos onde non ten habido ningún conflito e onde, que saibamos, sempre se respetou o dereito dos cidadáns castelán-falantes (o que, por desgracia, non sucede á inversa nas institucións que fan uso exclusivo do castelán). Resulta cando menos paradóxico que se poña fóra da legalidade a estes Concellos que están a cumprir co espírito e coa letra da

Constitución, o Estatuto de Autonomía e a Lei de Normalización Lingüística ó promoveren e potenciaren o uso oral e escrito do noso idioma propio cara a unha efectiva normalización no uso institucional dos dous idiomas oficiais, para maior respecto ós cidadáns, que son, segundo tódalas enquisas coñecidas, maioritariamente galego-falantes.

Resulta especialmente grave que isto se faga por medio dun regulamento que non desenvolve norma de rango legal ningunha e que na práctica vén darlle nova vixencia ós derragados Decretos 2929/75 e 1111/79 ou ó afortunadamente desbotado proxecto de lei de bases de rexime local de 1981, que recollía no seu art. 7 formulacións moi semellantes ás agora introducidas por un simple regulamento, sen fundamento legal nin debate parlamentario.

En fin, estes artigos, que polo demais obrigaría ás Corporacións que usan normalmente o galego a duplicaren innecesariamente o seu traballo cotián, nin respetan nin protexen a nosa lingua, nin respetan nin protexen a riqueza da pluralidade lingüística dos pobos do Estado, e témolos por anticonstitucionais e antidemocráticos, por un erro xurídico e político que debe ser corrixido canto antes.

O que pola nosa banda propoñemos facer é o seguinte:

1.- Dirixirse é Excmo. Sr. Ministro para as Administracións Públicas en pedimento de modificación ou anulación dos artigos 86, 110.1 e 201 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

2.- Solicitar das Corporacións locais, do Parlamento de Galicia e da Xunta de Galicia (por mor das competencias que lle atribúen os artigos 6.4. e 22 da Lei de Normalización Lingüística) que actúen en igual sentido, en defensa da legalidade vixente e das súas competencias.

3.- De non teren eficacia as anteriores actuacións, promove-los correspondentes recursos para que sexan os tribunais os que resolvan sobre a adecuación ó ordenamento xurídico vixente dos preceptos regulamentarios citados, conforme ó artigo 39 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativo.

4.- Reaccionar, utilizando as posibilidades normativas da Comunidade Autónoma e mesmo as derivadas dos artigos 86.1.2º parágrafo e 146, segundo parágrafo deste Real Decreto para converte-lo que pode ser un paso atrás no, xa hoxe cativo, uso do galego na Administración local nun pulo decidido a prol do libre e normal emprego do noso idioma propio.

A "REACTUALIZACION"

Vintedous días despois e cando xa estaba este texto no prelo, sal no B.O.E. do 14 de xaneiro a "corrección de erros" do R.O. 2568/1986, unha morea de cambios de maiúsculas e minúsculas, e polo medio, modificacións substanciais dos artigos 86.1 e 110 que quedan así:

86.1. "As convocatorias das sesións, as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo e dictames das Comisións informativas redactaranse en lingua castelá ou na lingua oficial da Comunidade Autónoma á que pertenza a entidade, conforme á lexislación aplicable e ós acordos adaptados ó respecto pola correspondente Corporación".

110. "1. Será aplicable á redacción das actas o disposto no artigo 86.1 en canto á utilización das linguas".

Desaparece o apartado dous e o tres pasa a se-lo novo dous.

Disque ben está o que ben acaba, en todo caso, dá que pensar, por razóns de forma e, sobre todo, de fondo.

REXISTRO CIVIL E D.N.I.

GALEGUIZACIÓN DE NOMES E APELIDOS

A normativa reguladora en materia de imposición e cambio de nomes e apelidos vai mudando lentamente e abríndose ó novo rexime de oficialidade lingüística e ós principios de liberdade e pluralidade idiomática, e, neste sentido, á Lei 17/1977 do 4 de xaneiro (B.O.E. 8.1.77) e á Orde do Ministerio do Interior do 18 de abril de 1985 (B.O.E. 27-4-85), referentes ós no-

mes propios no Rexistro Civil e mais no carné de identidade, vén sumarse o R.D. 1917/1986, do 29 de agosto (B.O.E. 19-9-86), que permite a traducción ou adaptación gráfica ou fonética dos apelidos ás línguas españolas.

— A Lei 17/1977 no seu art. 1 modifica o art. 54.1 da Lei do Rexistro Civil, fixando a seguinte redacción:

"Na inscrición expresarase o nome que se lle dea ó nacido. Trátándose de españois, os nomes deberán consignarse nalgunha das linguas españolas".

No artigo 2 engade que "A petición do interesado ou do seu representante legal, o encargado do Rexistro substituirá o nome propio imposto con anterioridade á vixencia da presente Lei, po-

XESÚS COSTAS ABREU

lo seu equivalente onomástico en calquera das linguas españolas. A substitución será gratuita para os interesados”.

Na súa anterior redacción (Lei de 8 de xuño de 1957, B.O.E. 10-6-57) o artigo 54.1 dicía que “na inscrición expresarase o nome que se lle dea ó nacido, que deberá ser, no seu caso, o que se lle impoña no bautismo. Tratándose de españois, os nomes deberán ser consignados en castelán”¹. Como sinala a exposición de motivos da Lei 17/1977 esta regra era contradictoria co sentir popular, coa liberdade de imposición de nomes e co principio de amparo e fomento do uso das diversas linguas españolas.

— Para facer extensiva do Rexistro Civil ó documento nacional de identidade a posibilidade aberta polo art. 2 da L. 17/1977 díctase a Orde do 18 de abril de 1985 que di:

“1º. A renovación do D.N.I. para substituí-lo nome propio do titular pola súa traducción a calquera das linguas españolas farase gratuitamente.

2º. Para efectuar a devandita renovación, os interesados, ó formularen a solicitude, deberán xustificar o cambio, xuntando unha certificación do Rexistro Civil na que conste a substitución ou por medio do Libro de Familia. Neste caso presentarán, xunto con este, fotocopia da páxina na que o Rexistro Civil estampara a dilixencia de substitución do nome, para que, unha vez cotexada, quede arquivada no Equipo do D.N.I. para constancia do mesmo”.

— O R.D. 1917/1986, de modificación parcial do Regulamento do Rexistro Civil, contén diversos artigos que inciden na cuestión lingüística:

O artigo 86 que establece que cos documentos non redactados en castelán se xuntará traducción, agás se ó encargado do Rexistro lle cons-

ta o seu contido, precepto que, ó noso ver, para ser acorde coa legalidade vixente debería substituí-la expresión “en castelán” por “nunha lingua oficial” porque, tal e como está redactado, a oficialidade do galego nos Rexistros Cívís ubicados en Galicia queda condicionada á vontade do encargado².

O artigo 220.5 que, entre as circunstancias que reducen o tempo esixido para a obtención da nacionalidade española, inclúe o falar castelán ou outra lingua española³.

O artigo 209.5 que trata da traducción de nome estranxeiro ou adecuación gráfica ás linguas españolas de apelido tamén estranxeiro.

Para o asunto que agora nos ocupa, ten especial importancia o artigo 206, que no seu primeiro parágrafo di que “Os cambios (de apelidos) poderán consistir en... traducción ou adaptación gráfica ou fonética ás linguas españolas...”. O expediente para levar a cabo o cambio de apelidos instruírao o encargado do Rexistro Municipal do domicilio de calquera dos promotores (art. 365) e resólvese por autorización do Ministerio de Xusticia (art. 205).

Debe terse conta de que todo cambio de apelidos afecta ós suxeitos á patria potestade e ós demais descendentes que expresamente o consintan conforme ó disposto no art. 217 do Regulamento.

O artigo 298 do Regulamento de 1958 (non modificado) considera defecto formal dos “asentos” no seu apartado 6 “o emprego de idioma distinto do castelán”, o artigo 300 regula a posibilidade de dispensa de traducción ó castelán e sinala que “as certificacións expediranse sempre traducidas” (véxase tamén a D.T. 11.3).

Para rematar cómpre lembralo contido no artigo 9.1 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, que di que “Nos Rexistros Públicos non

dependentes da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos competentes, o uso normal do galego”, o que debería facer axiña porque como dixo o Tribunal Constitucional (fundamento xurídico segundo da sentenzia dictada no recurso de inconstitucionalidade 169/83):

“... a consecvente cooficialidade éo con respecto a tódolos poderes públicos radicados no territorio autonómico sen exclusión dos órganos dependentes da Administración Central...”.

Os Rexistros Cívís, conforme ó artigo 86 da L.O. 6/1985, do Poder Xudicial, “estarán a cargo dos xuíces de primeira instancia e, por delegación destes, dos de paz”.

1. O artigo 192 do Regulamento do Rexistro Civil do 14-11-58 di no seu parágrafo 2: “Permítense os nomes estranxeiros ou regionais. Se tiveran traducción usual en castelán, só se consignarán nesta lingua”. A disposición transitoria 6º. 2 di: “os nomes de españois non consignados en castelán cando tivesen traducción usual... considéranse en todo caso impositos con infracción das normas establecidas”.

O D. 3455/77, do 1 de decembro (B.O.E. 21-1-78) deulle nova redacción ó artigo 192: “Permítense os nomes estranxeiros. Se tivesen traducción usual a calquera das linguas españolas, consignaranse na versión que elixa quen deba impoñe-lo nome”. Tamén a D.T. 6º.2. foi modificada, suprimíndose a expresión “de españois non consignados en castelán cando tivesen traducción usual”.

2. Na súa redacción primitiva (D. 14-novembro-1958, B.O.E. 11-12-58) dicía este artigo no seu parágrafo 2: “Para o latín, dialecto español ou letra antiga ou pouco intelixible, a traducción ou copia suficiente farase por titular do Corpo de Arquivos e Bibliotecarios ou outro funcionario competente.

Non é necesaria a traducción se ó encargado lle consta o seu contido”.

3. Na súa anterior redacción de 1958 dicía: “... se el ou a súa muller non separada falan o castelán...”; na redacción dada en 1977 “se fala o castelán”.

O TRATAMENTO DA TOPONIMIA NO ORDENAMENTO XURÍDICO (addenda).

(X.C.A.)

1. FIXACIÓN DE DENOMINACIÓN PARROQUIAIS.
2. O TEXTO REFUNDIDO DE REXIME LOCAL.
3. O REXISTRO DE ENTIDADES LOCAIS.
4. O REGULAMENTO DE POBOACIÓN E DEMARCACIÓN TERRITORIAL DAS ENTIDADES LOCAIS.

O informe publicado no nº 2 da *Revista de Administración Galega*

fora rematado en agosto de 1985; de entón a hoxe producíronse algunhas novidades normativas que convén reseñar para completar e actualiza-lo seu contido.

1.- Sen rematar aínda a revisión das denominacións dos Concellos galegos, comenzo coa fixación de nomes de parroquias e lugares (existen en Galicia, arredor de 3.800 entidades parroquiais e de 32.000 entidades sin-

gulares de poboación). Téñense publicado as seguintes relacións: D.O.G. 27 setembro 85, D. 191/1985, do 1 de agosto: 80 parroquias de 7 Concellos ourensáns e 1 lugar (A Pontenova e de Allariz a Xunqueira de Espadanedo).

D.O.G. 14 novembro 85, D. 232/1985, do 31 de outubro: 95 parroquias de 10 concellos ourensáns (de Baltar a Entrimo).

D.O.G. 30 de novembro 85, D. 250/1985, do 14 de novembro: 57 parroquias de 7 concellos ourensáns (de Esgos a Maside).

D.O.G. 8 febreiro 86, Orde da Consellería da Presidencia do 19 de decembro de 1985: nomes de lugares correspondentes ás parroquias de 11 concellos ourensáns (de Allariz a Chandrexa de Queixa).

D.O.G. 12 febreiro 86, Orde da Consellería da Presidencia do 29 de xaneiro: nomes de lugares de 13 concellos ourensáns (de Entrimo a Xunqueira de Espadanedo).

2.-No Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido de rexime local, régú-lase no artigo 11 o procedemento para a alteración do nome e capitalidade dos concellos coas seguintes fases:

—acordo do Pleno do Concello coa maioría cualificada prevista no artigo 47.2.d) da Lei 7/85.

—informe da Deputación Provincial.

—acordo do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma.

—traslado á Administración do Estado para inscrición no Rexistro de Entidades Locais.

No tocante ás provincias, esta norma é moi coidadosa en asegura-la consagración do *status quo* actual, de xeito que a denominación das provincias é a “que teñen actualmente” (art. 25.1) e “só mediante lei aprobada polas Cortes Xerais pode modificarse a denominación e capitalidade das provincias” (art. 25.2.; segundo a disposición final sétima 1.a, deste texto legal, este artigo 25 ten carácter básico). Dáse o curioso caso de que para cumprir coa legalidade vixente, vista a claridade e homoxeneidade de criterios normativos seguidos, haberá que dicir “Concello de Ourense, provincia de Ourense”, “Concello da Coruña, provincia de La Coruña”, “...Girona... Gerona”, “...Lleida... Lérida”, etc.

3.-O Rexistro de Entidades Locais, concreción da previsión do artigo 14.1 da Lei 7/85, foi regulado por medio do Real Decreto 382/1986, do 10 de febreiro, e a Orde do Ministerio de Administración Territorial do 3 de xuño de 1986, que o desenvolve.

Como é obrigado, cada unha das entidades a inscribir neste Rexistro (municipios, provin-

cias, illas e outras entidades locais infra e supramunicipais) ten como un dos datos ou elementos identificadores obxecto de inscrición o seu nome ou denominación, é dicir, o seu topónimo, e a modificación deste dato tamén debe ser comunicada (no prazo de un mes, art. 9.2 do Decreto) e inscrita. Precisamente, a disposición adicional do R.D. 382/86 establece como requisito para acadar carácter oficial nos casos de cambio de denominación de municipios a súa inscrición neste Rexistro e a publicación no B.O.E.. Tamén sinala como condicionante das modificacións que a nova “non coincida ou poida producir confusión con outras xa existentes”.

A disposición transitoria deste Decreto e mailo art. 1.2, 2º párrafo da O.M. pode producir confusión, ó dicir que “As Entidades Locais actualmente existentes... deberán inscribirse baixo a súa actual denominación”, no caso dos topónimos xa revisados polas respectivas Comunidades Autónomas antes da promulgación deste Decreto e mesmo da Lei reguladora das bases do rexime local, se ben da lectura do art. 3º. A 2º párrafo da O.M., no caso dos municipios parece deducirse que se consignará a actual denominación recoñecida oficialmente, co que no caso galego só tres denominacións municipais deben figurar co seu exónimo oficial. No caso das provincias polo xa exposto e no das entidades locais menores por mor do art. 3º. D. 2º párrafo (“nome específico que corresponda, de acordo coa norma da súa creación”), será preciso que a Comunidade Autónoma inste a modificación para cumprir co prescrito na Lei de normalización lingüística.

En todo caso, parece claro que a Xunta de Galicia (que polo demais xa preveu en cada un dos Decretos e Ordes de fixación de denominacións que promulgou ata hoxe mediante as correspondentes disposicións adicionais, que do establecido nos mesmos se daría conta ás autoridades estatais competentes para os efectos que cumpriran no exercicio das súas funcións) debe xestionar perante o Ministerio de Administración Territorial, e no prazo dos seis meses previstos na D.T. do R.D. 382/86, a correcta inscrición conforme ó artigo 10 da Lei de normalización lingüística dos nomes dos con-

cellos e entidades locais menores de Galicia no Rexistro de Entidades Locais e, ó abeiro do art. 87.2. da Constitución, cumprirá-la modificación legal dos nomes das provincias da Coruña e Ourense.

Temos que sinalar que a non utilización das posibilidades normalizadoras ofrecidas polo R.D. 1987/84 e a O.M. de 13-XII-84 (ver “Lingua e Administración” nº 7, px. 1) xunto coa dicción literal de diversos apartados do R.D. 382/86 (párrafo 4 do limiar, D.A. e D.T.) e da O.M. 3-VI-86 (arts. 1º. 2. 2p., 3º. A 2p., 3º. B. 2p., 3º. D. 2p., 7º. 2., 8º. 2., 12º. 1. C. 16, D.A. e D.T. 1.) pode supoñer na práctica a perda de competencias e control en materia toponímica, o baleiramento de contido do artigo 10 da Lei de normalización lingüística e un auténtico retroceso ó non acadar carácter plenamente oficial as denominacións revisadas que foron fixando os órganos competentes da Xunta nestes últimos anos.

4.-No B.O.E. do 14 de agosto deste ano publícase o R.D. 1690/1986, que contén a nova redacción do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, que dedica os seus artigos 26-30 ó nome e capitalidade dos concellos. As alteracións do nome dos municipios teñen que cumprirlos trámites en tres fases:

a) *Administración local:*

1.- Acordo plenario do Concello co voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal dos corporativos.

2.-Exposición ó público por prazo non inferior a trinta días para que os particulares ou entidades que se crean prejudicadas poidan presentar reclamacións.

3.- Resolución de reclamacións (Debe entenderse que se hai reclamacións deben resolverse por un novo acordo plenario cos mesmos requisitos que o primeiro).

4.- Informe da Deputación provincial.

b) *Comunidade autónoma:*

5.- Informe das institucións especializadas, de existiren (Comisión de Toponimia) e daqueloutros organismos que se consideren pertinentes.

6.- Acordo do Consello de Goberno da Comunidade.

c) *Administración central*

7.- Inscrición no Rexistro de

Entidades Locais.

8.- Publicación no Boletín Oficial do Estado.

9.- Comunicación ó Rexistro Central de Cartografía.

No artigo 52 deste Regulamento, reitérase o establecido no art. 25 do texto refundido de rexime local para as denominacións provinciais.

O artigo 69 prevé a revisión

periódica (nos anos anteriores á renovación do Padrón) da nomenclatura das vías públicas, entidades e divisións territoriais internas, polos Concellos.

NOMES OFICIAIS DOS CONCELLOS GALEGOS

A seguir reproducímo-los nomes oficiais dos concellos galegos que foron aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, logo do dictame da Comisión de Toponimia, nos Decretos 146/1984, do 27 de se-

tembro, 195/1984, do 27 de decembro e 129/1985, do 27 de xuño.

Non hai que esquecer que, segundo a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, no seu artigo 10, "Os topónimos de Gali-

cia terán como única forma oficial a galega", para tódolos efectos.

(Vid. neste mesmo número o artigo de Xesús Costas, *O tratamento da toponimia no ordenamento xurídico*).

CONCELLOS (Por orde alfabética)

Abadín
Abegondo
Agolada
Alfoz
Allariz
Ames
Amoeiro
Antas de Ulla
Aranga
Arbo
Ares
Arnoia
Arteixo
Arzúa
Avión

Baiona
Baleira
Baltar
Bande
Baña, A
Baños de Molgas
Baralla
Barbadás
Barco de Valdeorras, O
Barreiros
Barro
Beade
Beariz
Becerreá
Begonte
Bergondo
Betanzos
Blancos, Os
Boborás
Boimorto
Boiro
Bola, A
Bolo, O
Boqueixón
Bóveda
Brión
Bueu

Cabana
Cabanas
Caldas de Reis
Calvos de Randín
Camariñas
Cambados
Cambre
Campo Lameiro
Cangas

Cañiza, A
Capela, A
Carballeda
Carballeda de Avia
Carballedo
Carballiño, O
Carballo
Carnota
Cartelle
Carral
Castrelo de Miño
Castrelo do Val
Castro Caldeas
Castro de Rei
Castroverde
Catoira
Cee
Cedeira
Celanova
Cenlle
Cerceda
Cerdedo
Cerdido
Cervantes
Cervo-Burela
Cesuras
Coirós
Coles
Corcubión
Corgo, O
Coristanco
Cortegada
Coruña, A
Cospeito
Cotobade
Covelo, O
Crecente
Cualedro
Culleredo
Cuntis
Curtis

Chandrea de Queixa
Chantada

Dodro
Dozón
Dumbría

Entrimo
Esgos
Estrada, A

Fene
Ferrol
Fisterra
Folgoso do Courel
Fonsagrada, A
Forcarei
Fornelos
Foz
Fradés
Friol

Gomesende
Gondomar
Grove, O
Guarda, A
Gudiña, A
Guitiriz
Guntín

Incio, O
Irixo, O
Irixoa

Lalín
Lama, A
Láncara
Laracha
Larouco
Laxe
Laza
Leiro
Lobeira
Lobios
Lourenzá
Lousame
Lugo

Maceda
Malpica de Bergantiños
Manzaneda
Mañón
Marín
Maside
Mazaricos
Meaño
Meira
Meis
Melide
Melón
Merca, A
Mesía
Mezquita, A
Miño

Moaña
Moeche
Mondariz
Mondariz-Balneario
Mondoñedo
Monfero
Monforte de Lemos
Montederramo
Monterrei
Monterroso
Moraña
Mos
Mugardos
Muíños
Muras
Muros
Muxía

Narón
Navia de Suarna
Neda
Negueira de Muñiz
Negreira
Neves, As
Nigrán
Nogais, As
Nogueira de Ramuín
Noia

Oia
Oímbra
Oleiros
Ordes
Oroso
Ortigueira
Ourense
Ourol
Outeiro de Rei
Outes
Oza dos Ríos

Paderne
Paderne de Allariz
Padrenda
Padrón
Palas de Rei
Pantón
Parada de Sil
Paradela
Páramo, O
Pastoriza, A
Pazos de Borbén
Pedrafita do Cebreiro
Pereiro de Aguiar
Peroxa, A
Petín
Pino, O
Piñor

Poio
Pol
Pontearas
Ponte-Caldelas
Ponteceso
Pontecesures
Pontedeume
Pontedeva
Pontenova, A
Pontes de García
Rodríguez, As
Pontevedra
Porqueira, A
Portas
Porto do Son
Portomarín
Porriño, O
Punxín

Quintela de Leirado
Quiroga

Rábade
Rairiz de Veiga
Ramirás
Redondela
Rianxo
Ribadavia
Ribadeo
Ribadumia
Ribas de Sil
Ribeira
Ribeira de Piquín
Río
Riós
Riotorto
Rodeiro
Roís
Rosál, O
Rúa, A
Rubiá

Sada
Salceda de Caselas
Salvaterra de Miño
Samos
San Amaro
San Cibrao das Viñas
San Cristovo de Cea
Sandiás
San Sadurniño
Santa Comba
Santiago de Compostela
Santiso
Sanxenxo
Sarreaus
Sarria
Saviñao, O

Silleda
Sober
Sobrado
Somozas
Soutomaior

Taboada
Taboadela
Teixeira, A
Teo
Toén
Tomiño
Toques
Tordoia
Touro
Trabada
Trasmiras
Trazo
Triacastela
Trives
Tui

Valadouro, O
Val do Dubra
Valdoviño
Valga
Vedra
Veiga, A
Verea
Verín
Viana do Bolo
Vicedo, O
Vigo
Vilaboa
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa
Vilalba
Vilamarín
Vilamartín de Valdeorras
Vilanova de Arousa
Vilar de Barrio
Vilar de Santos
Vilardevós
Vilariño de Conso
Vilarmaior
Vilasantar
Vimianzo
Viveiro

Xermade
Xinzo de Limia
Xove
Xunqueira de Ambía
Xunqueira de Espadanedo

Zas

(De momento non se produciu dictame oficial sobre a denominación dos concellos de Puebla / Poboia / Pobra do Caramiñal, do Brollón e de Trives).

A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

O artigo 91 da Lei Reguladora das Bases de Rexime Local dispón que as Corporacións locais formularán publicamente a súa Oferta Pública de Emprego de xeito que a selección de todo o seu persoal, sexa funcionario ou laboral, deberá fa-

cerse a través da mesma e de convocatoria pública polos sistemas de concurso, oposición ou concurso-oposición, garantindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade (art. 103 da Constitución Española), así como o de

publicidade.

É competencia da Corporación local a selección dos funcionarios, agás os de habilitación nacional —secretarios, interventores e tesoureiros— de acordo cas regras básicas e programas mínimos que

estableza a Administración do Estado (art.º 100 LBRL), e as probas de selección rexeranse polas bases que aprobe o Pleno da Corporación (art. 102.1 LBRL). Tamén é competencia da Corporación a selección do seu persoal laboral (art. 103 LBRL).

O art. 128 do Texto Refundido de Rexime Local dispón que as Corporacións locais aprobarán e publicarán anualmente no prazo de un mes desde a aprobación do seu presuposto a *Oferta de Emprego Público* para o ano correspondente, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e ós criterios que regulamentariamente se establezan en desenvolvemento da normativa básica para a súa coordinación coas ofertas de emprego do resto das Administracións públicas.

A normativa básica estatal vén constituída polos artigos 18 e 19.1 da Lei 30/84, do 2 de agosto, de medidas urxentes de reforma da Función Pública. Segundo o artigo 18 as prazas dotadas presupostariamente que se atopen vacantes e non poidan ser cubertas cos efectivos de persoal existente constitúen a *Oferta de Emprego Público*.

A publicación da *Oferta* obriga ós órganos correspondentes a proceder dentro do primeiro trimestre de cada ano natural á convocatoria das probas selectivas de acceso para as prazas vacantes e ata un dez por cento adicional. As convocatorias sinalarán o calendario preciso da realización das probas que, en todo caso, rematarán antes do primeiro de outubro de cada ano.

O artigo 19.1 dispón o mesmo que o artigo 91 da LBRL citado ó primeiro, e ademais que as Administracións públicas deberán prever a selección de funcionarios capacitados para cubri-los postos de traballo nas comunidades autónomas que teñan dúas linguas oficiais.

O RD 352/86, do 10 de febreiro (BOE do 22 seguinte), establece os criterios de coordinación da oferta de emprego público das Corporacións locais para 1986 en cumprimento do ordenado no art.º 128 TRRL citado e en resumo vén dispoñer que nela deberán incluírse tódalas vacantes dotadas no presuposto e as que se poidan producir ó longo do exercicio por xubilación forzosa, fóra das reservadas ós funcionarios con habilitación de carácter nacional. E tamén irán as ocupadas por persoal con contrato administrativo de colaboración temporal ou interinos. As prazas reservadas a funcionarios irán clasificadas nos

grupos, subgrupos e clases previstos no TRRL e no seu caso levarán a súa denominación concreta.

O acordo aprobatorio da oferta haberá que remitilo ó Goberno Civil, que o mandará á Dirección Xeral de Administración Local para os efectos de publicación coordinada co resto das ofertas de emprego público das outras administracións.

A corrección de erros do devandito RD. 352/86, publicada no BOE do 26.II.86, contén o modelo que como anexo debe achegarse ó acordo de aprobación da oferta de emprego. Tamén pode ser orientativo ve-la oferta do Estado para 1986, aprobada polo RD. 350/86, do 21 de febreiro, publicado no BOE do día seguinte.

En estreita relación co tema da oferta e as convocatorias dos procedementos de selección está a cuestión da promoción interna dos funcionarios, que vén regulada no artigo 22.1 da Lei 30/84 e que ten carácter básico para tódalas administracións públicas de acordo co artigo 1.3 da mesma Lei. Alí dispón que aquelas deberán impulsar a promoción interna, que consiste no ascenso de corpos ou escalas de grupo inferior a outros correspondentes do grupo superior. Os funcionarios deberán posuí-la titulación esixida, reuni-los requisitos e superalas probas establecidas, podendo reservarse para este tipo de promoción ata un 50% das vacantes convocadas.

O Texto Refundido de Réxime Local, no seu artigo 169.2, di que ata que se aproben pola Administración do Estado as normas regulamentarias mínimas para a selección de funcionarios no ingreso na subescala de técnico de Administración Xeral serán reservados para promoción interna o 25% dos postos para administrativos que posúan o título esixido e contén cun mínimo de cinco anos na subescala de procedencia; no ingreso na subescala administrativa será reservados o 50% dos postos de traballo para os funcionarios pertencentes á subescala de auxiliares de Administración Xeral que posúan a titulación esixida e tamén contén con cinco anos de servizos na subescala de procedencia.

Pola súa banda, o RD 352/86 citado máis arriba, dispuña que nas convocatorias de acceso á función pública as Corporacións locais deberán sinala-lo número de vacantes reservadas á promoción interna dos seus funcionarios sen que poidan pasar do 50% das vacantes convocadas en cada grupo, subgrupo ou clase.

O RD 2617/85, do 9 de decembro (BOE do 16.1.86), aproba o Regulamento xeral de provisión de postos de traballo e promoción profesional de funcionarios da Administración Civil do Estado que, segundo o seu artigo 1.3., ten carácter supletorio para tódolos funcionarios civís ó servizo do Estado e das Administracións públicas non incluídas no seu ámbito de aplicación. No seu artigo 31 e ss. regula a promoción interna e desenvolve o disposto no artigo 19.1 da Lei 30/84. En resumo di que as vacantes desa promoción que fiquen desertas por non acadalos aspirantes a puntuación mínima esixida para a superación das probas axuntaranse ás ofrecidas ó resto e que os funcionarios que accedan por promoción interna teñen preferencia para cubri-los postos vacantes da correspondente convocatoria sobre os outros. Esixe con carácter xeral unha antigüidade de 3 anos no corpo ou escala á que pertenzan e dispón que unicamente haberá lugar á promoción interna desde un corpo ou escala dun grupo de titulación a outro corpo ou escala do grupo inmediatamente superior.

Os ascensos ós corpos ou escalas do grupo "A" farase mediante a superación de probas semellantes ás previstas con carácter xeral para o ingreso no corpo ou escala, e os ascensos ás vacantes dos Grupos "B", "C" e "D" serán pola modalidade de concurso-oposición. A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e nela avaliarase a antigüidade do funcionario no corpo ó que pertenza así como o seu historial profesional e os cursos de promoción nos centros oficiais de formación de funcionarios; o factor antigüidade avaliarase ata un 20% da puntuación máxima total do concurso-oposición e a avaliación conxunta do historial profesional e os cursos de formación non poderá pasar tampouco dese 20%. Pola súa banda, a da fase de oposición será do 60% da puntuación total do concurso-oposición, e comporase de dúas probas, a primeira con carácter teórico sobre coñecementos teóricos que correspondan ó corpo ou escala. A puntuación obtida no concurso nunca poderá aplicarse para supera-los exercicios da oposición.

X. MONTEAGUDO

O "CASO CATOIRA" E OUTROS "CASOS"

Como se recordará, no número 9 de L. A. incluíase un comentario respecto do requirimento que a Consellería da Presidencia lle fixo ó Concello de Catoira en marzo do 86 por mor da inclusión, nas probas para cubrir unha praza de auxiliar administrativo para o dito Concello dun exercicio que consistía na redacción en galego dun documento administrativo.

Nesta liña de denuncia e esclarecemento desta grave actuación da Consellería da Presidencia, o Grupo Parlamentario Mixto do Parlamento galego presentou a remates de outubro do 86 unha proposición non de lei, para a súa tramitación en Comisión, referente a este tema e que dicía:

"O Parlamento de Galicia considera non axustado ó artigo 11 da Lei de Normalización Lingüística o requirimento citado que a Consellería da Presidencia lle remitiu ó Concello de Catoira e insta ó Goberno galego a que en sucesivas ocasións acepte criterios como os adoptados por aquel Concello".

Esta proposición non de lei foi tratada na reunión que a Comisión de Educación e Cultura celebrou o día 23 de decembro de 1986 e foi rexeitada coa seguinte votación: a favor, 2; en contra, 10; abstencións, 1.

No próximo número trataremos máis polo miúdo das posturas e argumentacións que a este respecto van fixando os distintos grupos; en

todo caso, non podemos por menos que relacionar este feito cun partido que nun Concello e mais na lei de normalización vota a favor da existencia do coñecemento dos idiomas oficiais polos funcionarios, contradíse cunha argumentación carente de base xurídica e sen explica-la súa mudanza política) con outros como as recentes conclusións da Fundación "Celso Emilio Ferreiro" no seu primeiro acto público, segundo as cales a normalización lingüística en Galicia está excesivamente politizada e vai demasiado rápida; os nosos datos din todo o contrario e ofrecemolas a contrastalos.

linguaxe administrativa

O B.O.E. n.º. 174, do 22 de xullo de 1986, publica unha Orde de Presidencia de Goberno "pola que se regula a confección de material impreso e se establece a obrigatoriedade de consignar determinados datos nas comunicacións e escritos administrativos". Esta disposición, inspirada nos principios de economía administrativa e de achegamento entre Administración e cidadán, establece unha serie de medidas de racionalización e simplificación na elaboración de documentos administrativos.

Estas medidas refírense á identificación dos asinantes dos documentos (identificación funcional do órgano emisor e identificación nominativa do asinante), á utilización de material impreso (normas, entre outras, sobre uso impreso de denominación de cargos nas cabeceiras dos documentos e sobre a expresión do enderezo postal e número de teléfono do órgano emisor) e á propia elaboración dos documentos.

Neste último punto (o que máis nos interesa nesta sección), establécense normas en caso de referencias nos documentos a disposicións administrativas, sobre a non existencia de timbres nas instancias presentadas ante as oficinas públicas, sobre a utilización de fórmulas de tratamento e cortesía (restrinxidas só a algúns documentos e, en todo caso, ó seu pé) e sobre emprego de abreviaturas ou siglas no texto do documento (necesidade de expresa-la denominación completa a primeira vez que aparezan). Pero, sobre todo, resultánnos de gran valor as prescricións estilísticas que se formulan nesta orde, que coinciden cos principios de simplificación e claridade que se veñen postulando para a modernización das linguaxes administrativas das linguas en xeral (véxase "Lingua e Administración" n.º. 1, páx. 3). Reproducímolas integramente:

"1. Na elaboración material dos documentos e comunicacións admi-

nistrativas, en especial dos que haxan de dirixirse ós particulares, deberase dispoñer-lo texto de xeito claro e conciso, acudindo a parágrafos breves e separados, e evitando a aparición de apartados que pola súa extensión ou complexidade dificulten innecesariamente a interpretación do seu contido.

2. Non se consignarán nas comunicacións administrativas, ou nos modelos de documentos que haxan de dirixirse á Administración, fórmulas de salutación ou despedida nin expresións ou xiros que non sexan esenciais para a exposición do contido do documento".

Procuremos, pois, respetar estes principios que, feitos propios por unha literatura administrativa tan "rancia" coma a castelá, están na liña de modernización e simplificación internacionais.

C.D.A.

documentos xudiciais

O artigo 5º do Estatuto de Galicia di:

"1.- A lingua propia de Galicia é o galego.

2.- Os idiomas galego e castelán

son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar".

A Lei de normalización lingüística, do 15 de xuño de 1983, recalca no artigo 1º que "o galego é

a lingua propia de Galicia" e no 7º establece que:

"1.- No ámbito territorial de Galicia, os cidadáns galegos poderán utilizar calquera das dúas linguas

oficiais nas relacións coa Administración de Xusticia.

2.- As actuacións xudiciais serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada. En todo caso, a parte ou interesado terá dereito a que se lle notifique na lingua oficial que elixira”.

Contra este artigo recorreu o Goberno central perante o Tribunal Constitucional e este órgano declarou a constitucionalidade do mencionado artigo.

A Lei orgánica do Poder Xudicial, bastante máis restrictiva, logo de proclamar que nas actuacións xudiciais se usará o castelán, di (artigo 231): 2º.- “Os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios de Xulgados e Tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma, se ningunha das partes se opuxer alegando descoñecemento

que lle puider producir indefensión.

3º.- As partes, os seus representantes e os que as dirixan, e tamén as testemuñas e peritos, poderán utilizar a lingua que sexa tamén oficial na Comunidade Autónoma na que teñan lugar as actuacións, tanto nas súas manifestacións orais coma escritas.

4º.- As actuacións xudiciais realizadas e os documentos presentados no idioma oficial dunha Comunidade Autónoma terán, sen necesidade de tradución ó castelán, plena validez e eficacia. De oficio procederáse á súa tradución cando deban surtir efectos fóra da xurisdicción dos órganos xudiciais sitos fóra da Comunidade Autónoma, non sendo, neste último caso, que se trate de Comunidades Autónomas con lingua propia oficial coincidente, ou por mandato do xuíz ou a instancia de parte que alegue indefensión”.

Velaquí que temos abertos os vieiros por onde podemos camiñar. Sen entrarmos a valoralas contradicións entre a Lei de normalización lingüística e a orgánica do Poder Xudicial e o carácter restrictivo e discriminatorio desta, si se pode proclamarlo dereito que témostos galegos de acudirnos ós Tribunais de Xusticia usando a nosa propia fala e de esixir (coas limitacións que marca a antedita Lei) o uso do idioma galego. Isto foi o que nos levou á publicación desde agora dalgunhas dilixencias xudiciais en lingua galega, para que poidan servir de modelo e tamén de estímulo para o emprego do galego nas esferas xudiciais.

ORENCIO PÉREZ GONZÁLEZ
(Secretario do Xulgado de 1ª. Instancia e Instrucción nº 2 de Vigo)

NOTIFICACIÓN EN PERSOA Ó PROCURADOR

En, a de de mil novecentos oitenta e Eu, o secretario, tendo na miña presenza ó procurador don, notificueille a anterior providencia, léndolla e mais entregándolle copia literal e facéndolle saber que contra a dita providencia pode interpoñer recurso de perante no prazo de; e asina comigo, do que dou fe.-

NOTIFICACIÓN EN PERSOA Ó INTERESADO

Na vila de, a de de mil novecentos oitenta e Eu, o secretario, constituínme no domicilio de dona, sito na rúa, número, andar, e atopándoa alí notifiquéille por medio de lectura e entrega de copia o auto dictado e fíxenlle saber que contra a dita resolución pode interpoñer-lo recurso de perante no prazo de; asina comigo esta dilixencia, e dou fe.

REQUIRIMENTO

Na cidade de, a de de mil novecentos oitenta e Eu, o secretario, constituínme no domicilio de don, e atopándoo requirino para, apercibíndoo de que, de non facelo, O requirido contesta que E asina comigo esta dilixencia, do que dou fe.-

DILIXENCIA EN BUSCA

Na vila de, sendo as horas do día de de mil novecentos oitenta e

Constituída a Comisión xudicial composta polo oficial autorizante e mailo axente xudicial don, con asistencia do procurador don, no lugar sinalado na demanda como domicilio do demandado don co fin de practicalas dilixencias de requirimento e embargo a que se refire o anterior mandamento, non puideron practicarse por non ser achado o debedor.

Co cal se deu por acabada esta dilixencia, para os fins do artigo 1.443 da Lei de Enxuciamento Civil, e lida a mesma asinana os que interveñen, do que dou fe.-

DILIXENCIA DE REQUIRIMENTO DE PAGAMENTO E EMBARGO NUN XUÍCIO EXECUTIVO

Na de, a de de mil novecentos oitenta e

O axente xudicial, asistido por min, o oficial, coa concorrencia do procurador da parte demandante, constituíronse no domicilio do demandado don e encontrándoo fáiselle sabe-lo obxecto desta dilixencia, con entrega de copia do anterior mandamento, requiríndoo en forma legal para que faga o pagamento das cantidades que se lle reclaman na demanda e contesta que non pode pagalas por non ter cartos á súa disposición.

En vista e sinalando o procurador comparecente, seguindo a preferencia marcada pola lei, os bens do demandado nos que o axente xudicial embarga:

.....

Con todo o cal se dá por acabada esta dilixencia, que, lida e encontrada conforme, é asinada polos que interveñen deixándolle ó demandado copia da mesma.

CITACIÓN DE REMATE

Seguidamente cítase de remate ó demandado don con entrega da oportuna cédula e copias simples que se xuntaron á demanda, para que dentro do prazo de TRES DIAS poida opoñerse á execución se lle convén, representado por procurador, apercibido de que, de non facelo, será declarado en rebeldía, sen volver citalo nin facerlle outras notificacións cás sinaladas pola lei.

ACTA DE XUÍCIO ORAL CELEBRADO EN XULGADO DE INSTRUCCIÓN

ACTA.- Na cidade de (ou vila de), a de de mil novecentos oitenta e Sendo o día e a hora sinalados para comenza-la sesión do xuício oral nestas actuacións, constituíse en audiencia pública o Ilmo. Sr. maxistrado (ou xuíz) D., con asistencia do Ministerio Fiscal, representado polo Sr. D., o avogado do querelante D. e o seu procurador D., o avogado do acusado D. e o seu procurador D. e do acusado e mais de min, o secretario autorizante. O Sr. xuíz declarou aberta a sesión e preguntoulle ó acusado se se confesaba reo do delito de que é acusado constando e o Sr. xuíz mandou continua-lo xuício e que eu, o secretario, dese conta, o que fixen da maneira que ordena a lei. E aberta a proba foi interrogado o acusado, que contestou as preguntas do fiscal

A preguntas do avogado defensor constou Logo recíbense as testemuñas, comparecendo D.

Acabada a proba, as partes elevaron a definitivas as conclusións provisionais (ou modificáronas na) e despois informaron dicindo o que consideraron oportuno.

Feitos os informes o Sr. xuíz preguntoulle ó se tiña algunha cousa máis que expoñer, contestando

Logo o Sr. xuíz declarou concluso o xuício para sentenza, durando o xuício Lida esta acta, sen que houbera ningunha reclamación, asinaron os concorrentes despois do Sr. xuíz, do que dou fe.

AUTO DE DECLARACIÓN DE HERDEIROS

O secretario D. formula a seguinte proposta de

AUTO.- Na cidade de, a de de mil novecentos oitenta e Devolto o expediente polo Ministerio Fiscal co dictame solicitado e concorrendo os seguintes

FEITOS

1.- Que don/dona presentou escrito no Decanato dos Xulgados de Primeira Instancia, escrito do que lle correspondeu coñecer a este Xulgado número, solicitando declaración de herdeiros ab intestato de D. dicindo que o dito señor morreu estando casado con dona e que do devantido matrimonio quedaron fillos, que se chaman

- 2.- Que don morreu sen deixar feito testamento.
 3.- Que, admitido a trámite o expediente, rexistrouse co número do Libro de Asuntos Cívís, tívose por parte o Ministerio Fiscal e practicouse información de testemuñas, que confirmaron a verdade dos feitos alegados polo solicitante e, comunicado o expediente ó Ministerio Fiscal, dictaminou no sentido de non se opoñer á declaración de herdeiros solicitada.

— FUNDAMENTOS XURÍDICOS —

I.- A sucesión lexítima ten lugar, entre outros casos, cando unha persoa morre sen testar, pasando a herdanza ós parentes do defunto e correspóndelle primeiro á liña recta descendente, herdando os fillos ós pais sen distinción de sexo nin idade e por partes iguais, todo conforme ós artigos 912, 913, 930, 931 e 932 do Código Civil.

II.- O cónxuxe que, ó morre-lo seu consorte, non estivese separado ou o estivese por culpa do morto, se concorre con fillos ou descendentes, terá dereito ó usufructo do tercio destinado á mellora, como ordena o artigo 834 do Código Civil.

Vistas as disposicións legais citadas,

ACÓRDASE: Declarar únicos e universais herdeiros a D., ós seus fillos con reserva ó cónxuxe da cota legal usufructuaria establecida no artigo 834 do Código Civil.

CONFORME

O MAXISTRADO-XUÍZ

O SECRETARIO

ACTA DE XUÍCIO ORAL EN QUE SE CONFORMA O ACUSADO.

Na cidade de, a de de mil novecentos oitenta e

Sendo o día e a hora sinalados para comenza-las sesións do xuicio oral nesta causa, constituído o Ilmo. Sr. D., maxistrado-xuíz de instrucción número deste Partido en audiencia pública, con asistencia do Ministerio Fiscal, representado polo Sr. D., do avogado defensor do acusado, D., presente o acusado e de min, o secretario.

O Sr. xuíz declarou aberta a sesión e, despois de lido o escrito da acusación, o acusado manifestou a súa conformidade co dito escrito, conformidade que tamén prestou o seu avogado defensor.

O Sr. xuíz deu por terminado o acto e declarou o xuicio concluso para sentencia.

Lida esta acta prestaron a súa conformidade e asinárona os que nela interveñen, e o acusado despois do Sr. xuíz, do que dou fe.

PROVIDENCIA POLA QUE SE ADMITE A TRÁMITE UNHA DEMANDA.

O secretario D. formula a seguinte PROPOSTA de PROVIDENCIA

Por presentado o anterior escrito cos documentos achegados e mailas copias, tense por parte ó procurador D. en nome e representación que acredita de D. e co tal procurador entenderanse as sucesivas dilixencias; tense por interposta a demanda, que se tramitará polas normas do xuicio de maior contía; emprácese ó demandado con entrega das copias da demanda e documentos e cédula comprensiva dos requisitos legais a fin de que dentro de nove días improrrogables compareza en autos de maneira legal con avogado e procurador.

Devólvaselle ó procurador a copia de poder presentado deixando testemuño nos autos.

Contra esta resolución cabe recurso de reposición perante este Xulgado dentro do terceiro día, a contar desde a súa notificación.

Na vila de, a de de mil novecentos oitenta e

CONFORME

O XUÍZ

O SECRETARIO

NOTIFICACIÓN.- En a de de mil novecentos oitenta e Eu, o secretario, tendo na miña presenza ó procurador D., notifiqueille a anterior providencia mediante lectura e mais entrega de copia literal por min autorizada, con expresión do asunto a que se refire. Asina comigo e dou fe.

DILIXENCIA.- Exténdoa eu, o secretario, para facer constar que en sobre cerrado con esta data se remite por correo certificado con xustificante de recepción ó enderezo que consta en autos como domicilio do demandado D., e contén a cédula de emprazamento e copias simples da demanda e documentos que se xuntan.

(lugar e data) Dou fe.

DILIXENCIA.- Acredito por ela que se recibiu o anterior xustificante de recepción correspondente ó emprazamento a que se refire a anterior dilixencia.

(lugar e data) Dou fe.

cuestións de gramática

ALGUNHAS FAMILIAS LÉXICAS IRREGULARES

X.G.C.

No número 6 de *Lingua e Administración* falamos da existencia en tódalas linguas de tres tipos de palabras, segundo a data de entrada no idioma e as evolucións sufridas polas mesmas (patrimoniais, cultas e semicultas). A existencia destes tres tipos condiciona que moitas ve-

ces se dea o caso de palabras emparentadas entre si pola súa orixe pero que presentan formas distintas segundo a súa data de entrada no léxico galego. Trátase de palabras que non derivan da súa base patrimonial senón directamente do étimo latino, co que nelas non se dan cer-

tas evolucións que si se dan na palabra patrimonial. Como exemplo ilustrativo, e dadas as dificultades que suscitan, incluimos a seguir un cadro no que se pode ver cal é a forma correcta de certos derivados de palabras patrimoniais galegas:

<i>Palabra patrimonial</i>	<i>Palabra culta ou semiculta</i>	<i>Palabra Patrimonial</i>	<i>Palabra culta ou semiculta</i>
cor (sust.)	color (sust.) coloración (sust.) colorante (adx. e sust.)	persoa (sust.) persoeiro (sust.) persoal (adx.) persoalmente (adv.)	personaxe (sust.) personalidade (sust.) personalizar (v.) personificar (v.) personalismo (sust.)
corar (v.)	colorar(se) (v.) colorido (sust.) colorín = coloriño (sust.) colorismo (sust.) colorista (adx.)	só, soa (adx.) soidade (sust.) soamente (adv.)	solitario (adx.)
dor (sust.) dorido (adx.) doer (v.) doenza (sust.) doente (adx.) adoecer (v.)	dolor (sust.) doloroso (adx.) dolencia (sust.) indolente (adx.) indolencia (sust.)	soar (v.) resoar (v.) consoante (sust.)	resonancia (sust.) consonantismo (sust.) consonancia (sust.) disonancia (sust.)
la (sust.)	lanar (adx.) lanudo (adx.)	vontade (sust.)	voluntario (adx.) voluntarioso (adx.) voluntariedade (sust.) voluntariamente (adv.)
lúa (sust.) luar (sust. 'luz da lúa') aluar (v.) aluado (adx.)	lunar (adx. 'relativo á lúa') lunático (adx.)	vixiar (v.) vixía (sust.) vixiante (adx. e sust.)	vixilancia (sust.)
lume (sust.) alumear (v.) alumar (v.) lumieira (sust.)	luminoso (adx.) iluminar (v.) iluminación (sust.) luminaria (sust.)	xerar (v.) xeral (adx.) xeralmente (adv.) xeración (sust.) xerador (sust.) xerativo (adx.) = xenerativo xeratriz (sust.) = xeneratriz	xeneral (sust. 'militar') xeneralizar (v.) xeneralidade (sust.) xeneralización (sust.) xénero (sust.) dexenerar (v.) dexeneración (sust.) dexenerado (adx.)
orde (sust.)	ordenar (v.) ordenación (sust.) ordenamento (sust.) ordenadamente (adv.) ordinario (adx.)		

A COMPARACIÓN (I)

X.T.R.

1.- A comparación de igualdade.

Esta comparación fórmase co adverbio *tanto* (*tan*) e coa conxunción comparativa *coma* ou *como*; ou sexa, a regra xeral é: **TANTO (TAN)... COMA/COMO...**

Exs.: *Ti tes tanto que facer coma min.*

O Deportivo ten tan bo equipo coma o Celta.

O persoal fai tanto como pode.

O emprego de COMA/COMO depende en gran medida do valor morfolóxico do segundo termo comparado. A modo ilustrativo convén ter en conta as seguintes formulacións cos seus respectivos exemplos:

COMA + pronome persoal _____
_____ uso obrigatorio.

Ex.: *Ten tanta forza coma ti.*

COMA/COMO +
substantivo

Ex.: *O peixe alimenta tanto coma a carne.*

adxectivo

Ex.: *Irimia é tan leda coma agarimosa*

pronome non persoal

Ex.: *É tan traballador coma calquera.*

adverbio

Ex.: *Nesta escola vai tanto frío dentro coma fóra.*

_____ uso optativo, pero cunha clara preferencia polo emprego de COMA.

COMO + verbo expreso ou proposición verbal _____ uso obrigatorio.

Ex.: *Ás veces non é tan parvo como parece.*

2.- Outros usos de COMA e COMO

Tamén cómpre sinalar que a distinción entre a conxunción comparativa *coma* e a conxunción modal *como* non sempre é clara. Vexámo-lo seguinte exemplo: *O rapaz é áxil coma/como un esquío*. Non se trata dunha forma modal pura, senón dunha comparativa-modal, onde é

difícil discerni-lo valor exacto da conxunción. O problema pódese resolver a partir destas dúas notas:

a) Cando 'como' equivale a 'igual ca', pódese usa-la conxunción *coma*, pois a expresión de modo baséase nunha comparación.

Ex.: *Queremos estar no Parlamento coma (igual ca) as demais forzas políticas da sociedade galega.*

b) Se a forma 'como' equivale a 'segundo', 'conforme' ou 'en calidade de' (=valor modal puro), sempre se emprega *como*.

Ex.: *O asunto non saíu como (segundo, conforme) eu pensaba.*

Agora ben, cando a conxunción ten un valor causal, condicional ou completivo, hai que empregar-la conxunción *como*.

Exs.: *Como non recibín o aviso, non puiden vir á reunión.*

Como non te ratifiques na exposición, non os convencerás.

Xa verás como non se presenta.

ALGÚNS ASPECTOS DA CONXUGACIÓN VERBAL (II)

X.T.R.

Seguindo cos verbos regulares, cómpre sinalar que no tema de **perfecto** debemos ter moi en conta as

desinencias temáticas da conxugación dos distintos grupos de terminacións:

-ar (contar)	-er (coller)	-ir (dividir)
contEI	collÍN	dividiÁN
contaches	colliches	dividiaches
contOU	colleU	dividiU
contamos	collemos	dividimos
contastes	collestes	dividistes
contaron	colleron	dividiron

SE NON, SENÓN

C.D.A.

Outras formas que, ó igual ca "por que/porque", son obxecto de frecuente confusión no terreo das conxuncións son **se non** e **senón**.

A primeira delas, **se non**, á parte doutros usos que non ofrecen problema e que non veñen ó caso (*dime se non vas vir*), introduce unha oración condicional en forma negativa: **se non o fixeron, a tempo están de corrixilo; creo que, se non se actúa con determinación, non faremos nada; supoño que virán, se non teñen inconvenientes; non cho conto se non me fas caso**. Moitas veces esta oración comenzada por **se non** constrúese sen i-lo verbo explícito, é dicir, co verbo elíptico (e de aí vén en boa parte a confu-

sión): *debes facelo; se non (o fas), non me sentirei responsable. Hai que actuar con determinación; se non (se actúa así), imos aviadados. Supoño que virán; se non (veñen), alá eles. Se me fas caso, cóntocho; se non (mo fas), non cho conto*.

A forma **senón** sempre quere antes outro elemento negativo: *non quero este, senón (que quero) aquel; non dixeran que viña hoxe, senón (que dixeran que viña) mañá*. O que fai é contraponer, de maneira excluínte, dous períodos: un negativo (non quero este) e outro afirmativo (aquel [enténdase: quero aquel]). É normal, como xa se veu nos exemplos anteriores, que haxa eclipses de elementos: *non me dea ra-*

zóns, senón (dáame) feitos; non quero (outra cousa) senón marchar. Moitas veces tamén, este **senón** reforza o seu senso excluínte con formas como "tamén", "pola contra", ...: *non quero marchar, senón, pola contra, quedar aquí; roubáronme non só os cartos, senón tamén toda a documentación*. Normalmente, cando **senón** vai seguido dunha oración, constrúese acompañado da conxunción "que": *senón que: non lle critiquei a súa actuación, senón que o animei a seguir por esa vía; non chegou a Caldas, senón que quedou xa en Padrón*.

É frecuente nos textos escritos encontrar confusións e usos incorrectos dos tres sintagmas do epígrafe.

O primeiro deles, **porqué**, é un sustantivo que equivale a "motivo", "causa", "razón"...; aparece loxicamente nos contextos dos sustantivos e escríbese xunto e con acento (como palabra aguda: café, bisté...): *explícano-lo porqué de faceres iso, o porqué da súa actuación non ten senso ningún, preguntoume o porqué das miñas ausencias, non me explicou o porqué*. Como vemos por estes exemplos, é doadamente identificable ó sustituílo por "motivo", "razón", etc., e aparece acompañado do artigo "o" ou outros determinantes masculinos ("un",

"este", "meu"...). Como sustantivo que é, pode aparecer loxicamente en plural: *os seus porqués son moi especiais, son uns porqués pouco convincentes, estes porqués xa chos coñezo eu*.

Por que é unha locución de carácter interrogativo que introduce unha oración. Escríbese separado e sen acento (en galego, os pronomes interrogativos non se acentúan polo xeral: ¿que pasou?, ¿con que o fas?): *explicounos por que o fixera, ¿por que actúa así?, preguntoume por que non fora, non me explicou por que non viñera*. A oración que introduce pódese sobreentender: *non me explicou por que, dime por que*. Tamén pode funcionar como relativo, co antecedente elidido: *non teño por que cho explicar (non*

teño razón pola que cho explicar), supoño que non tes por que crer niso (supoño que non tes motivo por que crer niso).

Porque, finalmente, é unha conxunción causal, semellante a "xa que", "por causa de", "dado que"... Introduce tamén unha oración, pero non interrogativa senón causal: *explicounos que o fixo porque lle deu a gana; actúa así porque lle peta; non fun porque non o xulguei preciso*.

En resume, diferenciamos ben estes tres sintagmas de distinta significación: *o responsable débenos explicar por que non se cumpre a lei, porque, se non o fai, teranos que aclaralo porqué da súa permanencia no cargo*.

novas

II XORNADAS SOBRE O ESTABLECEMENTO DA LINGUAXE ADMINISTRATIVA

(Cataluña, 29 e 30 de setembro, 1 de outubro do 86)

Os días 29 e 30 de setembro e 1 de outubro do ano 1986, tiveron lugar en Barcelona as II Xornadas sobre o establecemento da linguaxe administrativa, organizadas pola Escola de Administración Pública de Cataluña e a Dirección Xeral de Política Lingüística.

Nestas xornadas participaron como ponentes importantes personalidades da vida administrativa catalana e dos outros países do mesmo ámbito lingüístico: Principado de Andorra, País Valenciano e Illas Baleares; a elas concorreron un número considerable de funcionarios das diversas Administracións públicas.

Constaron de dúas mesas redondas, cinco ponencias e un seminario de conclusións. Entre estas salientáramos as seguintes:

1) Que a elaboración e xeneralización do uso dunha linguaxe administrativa non son viables sen un marco organizativo correspondente, que é o que lles dá efectividade práctica ás propostas ou modelos lingüísticos.

Xa que logo, por medio de disposicións legais débense regular, desde as distintas Administracións da mesma área lingüística, feitos como:

a) O coñecemento da lingua nas probas de acceso do persoal, de acordo cos requisitos do posto de traballo que vaia desempeña-lo funcionario.

b) O uso do catalán nas diferentes formas de comunicación administrativa.

c) A creación e o impulso dun organismo de deseño e normalización dos documentos administrativos.

2) Considerouse imprescindible a coordinación xeral da política lingüística entre tódalas Administracións da mesma área idiomática.

Esta coordinación formaríase por:

a) Coordinacións territoriais que reunisen ós expertos en linguaxe administrativa das diferentes Administracións de cada ámbito.

b) Unha coordinación xeral, integrada por un ou dous representantes de cada coordinación territorial.

3) O órgano de coordinación xeral reuniríase cunha periodicidade mínima trimestral, e as súas funcións serían:

a) O intercambio de informacións e materiais entre as distintas Comunidades Autónomas.

b) A distribución dos traballos de elaboración da linguaxe administrativa entre os organismos coordinados, dándolle a cadaquén unhas tarefas ou áreas específicas.

c) A promoción de intercambios de actividades de formación, publicacións, etc.

d) A organización periódica de novas xornadas de estudo e consolidación organizativa.

4) O obxectivo irrenunciado deste órgano de coordinación é o establecemento duns criterios estilísticos e terminolóxicos comúns no modelo da linguaxe administrativa.

Polo tanto, cando se deba adoptar unha convención na linguaxe administrativa cómpre ter en conta aquelas solucións que son comúns, evitando así o afastamento no caso de coller calquera outra. De non haber solucións comúns consideraríase opcionais as solucións territoriais para calquera punto do dominio lingüístico.

Os organismos representativos que se constituían nos distintos territorios son os encargados da procura e adopción de convencións que teñan unha fundamentación sólida en estudos previos e uns criterios de modernización e de funcionalidade, e evitarán os calcos respecto da linguaxe administrativa castelá ou doutras linguas, amais dos usos que dificultan a comprensión dos documentos administrativos para o conxunto dos cidadáns.

Así mesmo, este seminario de conclusións acordou reclamar das institucións competentes:

1º. A presenza do catalán nos organismos europeos, tendo en conta o proceso de integración nas Comunidades Europeas. Xa que logo,

pareceu conveniente que existise unha coordinación coas outras linguas do Estado español para tratar de resolver problemas comúns e que se fomentase o coñecemento dos modelos de linguaxe administrativa das diferentes linguas comunitarias.

2º. Que os programas educativos dos centros universitarios dediquen unha maior atención á formación dos seus componentes nas linguaxes técnicas propias da súa espe-

cialidade, sobre todo no tocante á linguaxe xurídica e administrativa.

3º. Que os organismos encargados da política lingüística en cada territorio leven a cabo as xestións necesarias para que as empresas provedoras de impresos administrativos, públicos ou privados, adapten os seus formularios e toda a súa documentación ás novas convenções establecidas.

4º. Que se establezan bolsas pa-

ra fomenta-lo estudio da documentación histórica, do léxico, da morfosintaxe, do deseño de documentos, etc.

5º. Que lles subministren ós asesores lingüísticos das entidades locais ou doutros organismos os medios de formación adecuados ó traballo que realicen, como, por exemplo, os medios bibliográficos de consulta existentes.

Marisa Fernández Somoza/Inés Ruibal.

última páxina

OS NOVOS ESTATUTOS DAS CAIXAS DE AFORROS E O GALEGO NO EIDO FINANCEIRO

A adaptación do entramado social e institucional ó que se deu en chamar "o Estado das autonomías", é dicir, a cuestións tan xerais coma un rexime democrático de liberdades e pluralismo, ó progresivo autogoberno de Galicia ou unha concreta manifestación de todo isto como é a oficialidade do noso idioma propio, debe ser progresiva e chegar a tódolos eidos da vida pública e social de Galicia.

Ocorre que hai sectores que semellan non sentirse implicados neste proceso e é o noso dereito e o noso deber como cidadáns turrar por eles e recordarlle-las súas obrigas.

Ímonos referir ó caso das Caixas de Aforros galegas por mor do proceso aberto de adaptación dos seus estatutos e órganos rectores, pero o groso da nosa formulación é aplicable a tódalas institucións financeiras públicas e privadas. O que pedimos é sinxelamente que se respeten os dereitos lingüísticos dos cidadáns nas súas relacións con estas entidades e mesmo o seu apoio activo á normalización da lingua galega, e para iso facémo-las seguintes propostas:

1.- Aproveita-lo proceso de revisión dos estatutos para galeguiza-lo nome destas entidades; ¿por que "Caja de Ahorros Municipal de Vigo", por exemplo, e non "Caixa de Aforros Municipal de Vigo"? Sáibase que a escolla por unha e outra forma é legal, libre e en todo caso, unha potencial inercia tras da cal se agacha o continuismo coa situación anterior.

2.- Respetar escrupulosamente a toponimia segundo a normativa vixente ("os topónimos de Galicia teñan como única forma oficial a galega", di textualmente o art. 10.1 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística). Espe-

remos, pois, que nas denominacións figuren A Coruña e Ourense e non os exónimos anteriormente empregados. O mesmo pedimos para as distintas oficinas ou sucursais e documentación sobre delas. Por favor, non máis "Puentearas", "Las Nieves", "Sangenjo" ou similares.

3.- Respetar-la libre opción lingüística dos usuarios en relación cos impresos que utilizan nas súas operacións. A Lei 3/1985, Cambiaria e do Cheque, nos seus artigos 1 primeiro, 94 e 106 primeiro, permiten que todo cidadán utilice (nos cheques, por poñérmo-lo caso máis usual) a lingua da súa preferencia, pero todo cheque ten que estar escrito nun só idioma, de xeito que se se seguen a facer impresos só en castelán obrígaselle ó usuario (en puridade legal) a encheiros nese idioma, co que se coarta de feito a súa liberdade lingüística. Entendemos tamén que os usuarios teñen dereito a seren informados, atendidos e respostados no idioma no que se expresen; así pois, na selección e formación do persoal destas entidades deberá preverse a cualificación de persoal en lingua galega (neste sentido a recomendación facémola extensiva ó comité de empresa: na negociación do convenio colectivo debería facerse esta previsión para que quedase recollido no dito instrumento).

4.- No que atinxe á denominada "obra social", á que se adican os excedentes non afectados a reservas, xa o artigo 22 do Real Decreto 2.290/1977 sinalaba que tiña que orientarse cara á sanidade pública, investigación, ensino e cultura... especialmente para o ámbito territorial de actuación da Caixa. Na actualidade (art. 4 da Lei 7/1985, de Caixas de Aforro Galegas) o Gober-

no galego ten facultades para orientar este labor. Coidamos que cunha pouca imaxinación as Caixas poderían facer moito a prol da nosa lingua e da nosa cultura; por exemplo, adquirindo, con carácter xeral, determinado número de exemplares de tódalas publicacións editadas en lingua galega no seu ámbito de actuación para prove-las bibliotecas públicas e as das entidades veciñais, ou favorecendo nos seus auditorios a exhibición de espectáculos en galego en vez de lles poñer atrancos.

En fin, as publicacións das Caixas, a súa publicidade, son campos idóneos para contribuír á supervivencia e normalización do galego. Pero afondando máis no tema da publicidade parécenos cando menos un estrago de cartos non ter aproveitado as bonificacións aprobadas por dous concellos lindantes (Vigo e Redondela) para toda a publicidade redactada en lingua galega. Isto suporía un aforro para as entidades que tantos investimentos fan en publicidade en carteleiras anunciadoras.

Temos para nós que, ademais dos imperativos legais e de sensibilidade social e cultural ós que apelamos, dende o punto de vista económico e nunha conxuntura de crise, un dos factores favorecedores do mantemento e progreso das entidades (financeiras neste caso) é a súa adaptación ó medio no que se desenvolven e no que levan a cabo os seus intercambios; o maior ou menor grao de identificación que consigan vai ter efectos de captación sobre a poboación. Non quixeramos, parafraseando ó director xeral da Caixa da que somos clientes, que se nos responda co espellismo dun futuro prometedor ás urxencias dunha triste realidade presente, este é o intre de facelo.